



**Cto. Provincial Alevín**  
**Cto. Prov. Combinadas Infantil Masculinas**  
Pontevedra, 4 de xuño de 2022  
Centro Galego de Tecnificación Deportiva



**Art.1).** As inscricións poderán realizarse ata as 23:59 horas do **xoves 26 de maio**.

- **Federados:** a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>)
- **Non federados:** a través do documento de Excel publicado na seguinte [ligazón](#), que debe ser remitido a [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal)  
[https://atletismo.gal/wp-content/uploads/2022/03/MODELO\\_XOGADE.xlsx](https://atletismo.gal/wp-content/uploads/2022/03/MODELO_XOGADE.xlsx)

Para que a inscrición sexa tida en conta, a marca acreditada deberá estar entre as 30 mellores do ránking do xogade, exceptuando desta norma as probas que superen os 250m.

Aqueles atletas que renuncien a algunha proba deberán comunicalo a [pontevedra@atletismo.gal](mailto:pontevedra@atletismo.gal) antes do martes 31 de maio ás 23:59 horas.

Publicarase o listado de inscritos na web <http://atletismo.gal> onde poderá seguirse o listado coa última hora de actualización, co fin de que si renuncia algún atleta clasificado poida participar o seguinte con mellor marca.

A composición dos equipos de remudas deberá ser enviada a [pontevedra@atletismo.gal](mailto:pontevedra@atletismo.gal) dentro do prazo establecido. Calquera variación posterior deberá ser comunicada pola mesma vía ou na secretaría de competición ata as 12:30 horas.

**Art.2).** Limitación na participación:

❖ ALEVÍN:

- Poderán participar os atletas coas **16 mellores marcas dos inscritos**, sendo soamente válidas as marcas realizadas nas fases previas.
- Cada atleta poderá participar nun máximo de 2 probas. No caso de ser carreiras, somentes unha poderá superar os 250m. **As remudas NON computan como proba.**
- Na proba de **remudas** acadarán praza de participación as **entidades** coas 16 mellores marcas dos inscritos, podendo acadar ata dúas prazas por entidade. Para optar á segunda praza é preciso que non sexa participe das dúas marcas un mesmo atleta, tendo por tanto que ser realizadas por 8 integrantes diferentes. As prazas acadadas poderán ser integradas por calqueira atleta, participase ou non na súa clasificación.

❖ INFANTIL:

- A participación é aberta, sendo o número máximo de participantes por entidade e categoría de 6 ata un máximo de 42 atletas inscritos por proba. No caso de superar este máximo, reducirase o número máximo de participantes por entidade.

**Art.3).** Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo de descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

**Art.4).** Os dorsais serán recollidos polo delegado da entidade na zona de secretaría, sita na grada cuberta da instalación.

**Art.5).** **Número de intentos:** Realizarase mellora nos concursos, agás nos saltos verticais e as combinadas.

**Art.6).** **Cadencia da altura:** Masculina 0,90 – 0,95 – 1,00 – 1,05 – 1,10 e de 3 en 3 cm.

Feminina **0,85** – 0,90 – 0,95 – 1,00 – 1,05 – 1,10 e de 3 en 3 cm.

**Art.7).** **Distancia das táboas de lonxitude:**

- Alevín: 2m.
- Infantil: 2m.

**Art.8).** Nas probas de velocidade e valados de categoría infantil é obrigatoria a saída con 4 apoios (con ou sen tacos).



**Cto. Provincial Alevín**  
**Cto. Prov. Combinadas Infantil Masculinas**

Pontevedra, 4 de xuño de 2022  
Centro Galego de Tecnificación Deportiva



**Art.9). Horario modificado:**

ALEVÍN				
MASCULINO		Hora	FEMININO	
Lonxitude (norte)	2.000 m Marcha	10:00	2.000 m Marcha	Altura
Peso 2 kg		10:30		
	60 ml	10:55		
		11:05	60 ml	
		11:15		Pelota 300 gr
	1.000 ml	11:20		
Altura		11:30	1.000 ml	
	2.000 ml	11:40		
		11:55	2.000 ml	
		12:10	500 ml	
	500 ml	12:25		
		12:45		Lonxitude (norte)
Pelota 300 gr		12:55		
		13:05		Peso 2 kg
	4x60 m	13:35		
		13:45	4x60 ml	

Hora	Combinadas INFANTIL Masculinas
10:20	80 ml
10:55	Lonxitude (sur)
12:00	Peso 3 kg
13:05	80 mv (0,84)

**Art.10).** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A, R.F.E.A. e W.A.